



Contrato de servizos Procedemento aberto simplificado Tramitación ordinaria		
<i>Documento</i> CON13I21T	<i>Expediente</i> CON/75/2018	<i>Data Creación:</i> 26-11-19 08:55

ACTA DA 3ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Prestación do servizo da diagnose, reparacións urxentes e plan de mantemento dos muros de contención de titularidade municipal do barrio de Fontiñas.

TIPO DE LICITACIÓN: 25.000 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto simplificado.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de Contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 28 de xaneiro de 2020, ás 9 horas.

ASISTENTES:

Presidente: José Javier Fernández Martínez.

Vogais: Antonio Ranedo Santillana, xefe do Servizo de Proxectos e Obras
Berta Rosón López, en representación da Intervención Xeral.
Iñaki Bilbao Castro, letrado da Asesoría Xurídica municipal.

Secretario: Román Otero Ferreiro, xefe da Sección de Contratación.

A mesa de contratación procede á análise do informe valorativo final sobre os diferentes criterios de adxudicación que se recollen no prego de condicións que rexe esta licitación, informe no que se reflicten os cálculos das puntuacións parciais e totais dos distintos licitadores admitidos e que se acompaña á presente acta.

Da análise do referido informe despréndese que quen acada a máxima puntuación no proceso licitatorio e, consecuentemente, é a oferta economicamente máis vantaxosa das presentadas é o licitador INGENIERIA DEL NOROESTE SL.

De conformidade cos termos dese informe a mesa de contratación, **ACORDA:**

Trasladar á concelleira delegada de economía, facenda, persoal, contratación e modernización da administración local o resultado desta licitación, aos efectos de que, dentro das súas competencias, resolva requirir ó licitador INGENIERIA DEL NOROESTE SL, que acadou a máxima puntuación no procedemento e oferta un importe de 19.600 euros IVE aparte, para que dentro do prazo de dez días hábiles a contar desde o día seguinte ao da recepción do requirimento, acredite contar coa esixible solvencia técnica e económica, coa necesaria capacidade de obrar, e xustifique documentalmente estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e proceda ao aboamento da fianza, taxas e timbres municipais correspondentes.

Ás 9.10 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
O PRESIDENTE DA MESA**

O SECRETARIO DA MESA